

**D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO.
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 17 de abril do 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

4.CONTRATACIÓN E SERVIZOS.

**A) CONTRATACIÓN. DAR TRASLADO DO ESCRITO SOBRE A ACTA DE
REPLANTEO PREVIO Á EXECUCIÓN DA OBRA DA DEPURADORA DO
PORTO SECO.**

Vista a Acta de Reformulo da Obra de 12.4.2017 que foi asinada de disconformidade pola representación da empresa adxudicataria da mesma en atención a unha serie de reservas efectuadas unha vez revisado o Proxecto e que se recollen no que, pola citada empresa, denominan como “Informe Previo a la firma del Acta de Replanteo de la Obra” (NRE. 5287/2017 de 12.4.2017) e que xunta á mesma.

Resultando que as consideración recollidas no amentado informe teñen carácter técnico directamente relacionadas co Proxecto de Execución.

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade dos seus membros,

ACORDA

1.- Dar traslado do denominado “Informe Previo a la firma del Acta de Replanteo de la Obra” (NRE. 5287/2017 de 12.4.2017), tanto ao técnico redactor do Proxecto como ao Director da Obra, para que informen sobre o contido das consideracións verquidas no mesmo, aos efectos de que polo Concello de Monforte de Lemos se poda continuar cos trámites legais que, no seu caso, resulten procedentes.

2.- De conformidade co disposto no artigo 139 do Rd. 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Contratos das Adminstracións Públicas, suspender a iniciación das obras ata novo Acordo ao respecto.”

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a dezanove de abril de dous mil dezasete.

Vº e Pce.

O ALCALDE

